



Concello A Guarda

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL EN DATA 11 DE XULLO DE 2017.-

Na Casa do Concello da Guarda, sendo as oito horas e corenta e cinco minutos do día once de xullo de dous mil dezasete, tivo lugar a sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local, que, convocada e presidida polo Sr. Alcalde D. Antonio Lomba Baz, contou coa asistencia dos seguintes concelleiros membros deste órgano:

- **D^a. Montserrat Magallanes Alvarez**
- **D. Miguel A. Español Otero**
- **D. Manuel Javier Crespo Gonzalez**
- **D^a. Teresa Vicente Baz**
- **D. Paulino Rodríguez Gonzalez**

Asiste como Secretaria a do Concello D^a. Raquel Duarte Núñez.

Sendo a hora sinalada, o Sr. Presidente pasa a dar conta dos asuntos que conforman a orde do día, que de seguido se relacionan:

PUNTO 1.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DE DATA 30 DE MAIO DE 2017

O Sr. Presidente preguntalle ós concelleiros se teñen algunha observación que facer á acta correspondente á sesión celebrada o pasado día 30 de maio de 2017 ó que responden negativamente os concelleiros presentes nela, polo que a referida acta foi aprobada por unanimidade.

PUNTO 2.- EXPEDIENTE 1473/2017. SOLICITUDE DE AXUDAS BÁSICAS DE EMERXENCIA SOCIAL DE DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA.

Vista a proposta de Alcaldía de data 06.07.2017, que literalmente di:

“PROPOSTA DE ALCALDÍA

Vistas as bases reguladoras das axudas básicas de emerxencia social da Deputación de Pontevedra para o ano 2017 publicadas no BOP de Pontevedra núm. 129 o 6 de xullo de 2017

Propoño á XGL a adopción do seguinte acordo:

- 1.- Que se ten coñecemento e se aceptan as bases da convocatoria e os compromisos que inclúen nela.*
- 2.- Solicitar a cantidade de 7500 euros para gastos correntes e a cantidade de 2000 euros para investimento, destinados á tipoloxía das axudas establecidas na base quinta das mencionadas bases.*
- 3.- Este Concello autoriza á Deputación de Pontevedra a comprobar o cumprimento das súas obrigas tributarias coa AEAT e a seguridade social.”*

A Xunta de Goberno Local, pola unanimidade dos seus membros presentes, acorda



Concello A Guarda

aprobar a proposta nos termos nos que quedou transcrita.

PUNTO 3.- EXPEDIENTE 1384/2017. BONIFICACIÓN DE TAXAS MUNICIPAIS

Visto o informe-proposta da traballadora social de data 05.07.2017 que literalmente di:

“PROPOSTA DE CONCESIÓN DA BONIFICACIÓN DO 50% DAS TAXAS DE AUGA, LIXO E SUMIDOIRO

SOLEDAD RODRÍGUEZ CRESPO, TRABALLADORA SOCIAL DOS SERVIZOS SOCIAIS COMUNITARIOS DO CONCELLO DE A GUARDA

Informa:

En relación ao expediente relativo á solicitude de bonificación do 50% das taxas municipais e á vista da documentación obrante no mesmo, emito o seguinte informe-proposta de resolución Antecedentes:

Primeiro: Con data 27 de xuño do 2017, Dna. MARIA LUISA PEREIRA COBAL presentou unha solicitude para a bonificación do 50% das taxas municipais de auga, lixo e sumidoiro Segundo: emítese informe social pola traballadora social dos servizos sociais comunitarios do concello de A Guarda acerca do cumprimento dos requisitos establecidos para ser beneficiario da bonificación nas taxas

Lexislación aplicable:

Ordenanza Municipal publicada no Boletín Oficial de Pontevedra o 29 de decembro do 2000.

Informe- proposta de resolución:

Conceder a bonificación das taxas municipais por cumprir con todos os requisitos fixados na ordenanza municipal.”

A Xunta de Goberno Local, pola unanimidade dos seus membros presentes, acorda aprobar a proposta nos termos nos que quedou transcrita.

PUNTO 4.- EXPEDIENTE 741/2017. EVENTOS EN SAN BENITO DE ESPECIAL PROYECCIÓN CULTURAL

Vista a proposta de Alcaldía de data 10.07.2017, que literalmente di

“PROPOSTA DE ALCALDÍA

Dentro da programación habitual do verán tense previsto a realización dos seguintes actos de índole cultural no Auditorio de San Benito, organizados polo Concello da Guarda e pola comisión organizadora das Festas do Monte.

- 24 de XULLO DE 2017 ÁS 20H., ENCONTRO DA CANCIÓN MARIÑEIRA. Organizado polo Concello da Guarda en colaboración coa Coral Polifónica da Guarda.
- 25 de XULLO DE 2017 ÁS 20.30H., ESPECTÁCULO DE CIRCO PISTACTIVA. Organizado polo Concello da Guarda



Concello A Guarda

- 07 de AGOSTO DE 2017 Á PARTIR DAS 19H. PREGÓN DAS FESTAS DO MONTE e posterior FESTIVAL FOLCLÓRICO. Organizado pola comisión organizadora das Festas do Monte
- 08 de AGOSTO DE 2017 ÁS 20.00H. FESTA HOMENAXE Á TERCEIRA IDADE. Organizado pola comisión organizadora das Festas do Monte

Estes actos virían a engadirse á relación de actos aprobados para a súa celebración en dito emprazamento pola Xunta de Goberno Local do día 2 de maio de 2017. No Anexo I, relacionanse as características pormenorizadas de cada un deles

Tendo en conta a sentenza do *Tribunal Superior de Xustiza de Galicia con data 07 de decembro de 2011 en relación á denuncia presentada por D^aANTONIA BAZ GÓMEZ sobre a suspensión de todo tipo de evento na Praza de San Benito* e tendo coñecemento da normativa vixente en materia de ruídos, esta alcaldía valorou a incidencia acústica dos eventos relacionados en virtude da súa proxección cultural segundo se establece no **artigo 7 do Decreto 106/2015 de 9 de xullo, sobre contaminación acústica de Galicia e no artigo 9 da Ley 37/2003 de 17 de novembro, do ruído**: “con motivo de actos de especial proxección oficial cultural, relixiosa ou de natureza análoga, os concellos poderán adoptar as medidas necesarias que deixen en suspenso temporalmente o cumprimento dos obxectivos de calidade acústica que sexan de aplicación”.

Polo que proponse á Xunta de Goberno Local:

PRIMEIRO.- Autorizar a celebración dos seguintes eventos, en virtude da súa proxección cultural. Deixando así en suspenso temporalmente o cumprimento dos obxectivos de calidade acústica en conformidade co artigo 7 do *Decreto 106/2015 de 9 de xullo, sobre contaminación acústica de Galicia* e co artigo 9 da *Ley 37/2003, de 17 de novembro, do ruído*.

SEGUNDO.- Dar traslado de dita resolución ó Hotel Convento de San Benito, ós interesados e a Policía Local.

ANEXO I.- RELACIÓN DE ACTOS A REALIZAR NO AUDITORIO DE SAN BENITO DENTRO DA PROGRAMACIÓN DE VERÁN, QUE SE SUMAN ÓS XA APROBADOS POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO DÍA 2 DE MAIO DE 2017

- 24 de XULLO DE 2017 ÁS 20H., ENCONTRO DA CANCIÓN MARIÑEIRA. Organizado polo Concello da Guarda en colaboración coa Coral Polifónica da Guarda.

Evento de carácter transfronteirizo, xa que se reúnen nun mesmo espazo a Coral Polifónica da Guarda e o Orfeao de Vilapraia de Áncora (Camiña, Portugal)

O Auditorio de San Bieito preséntase como o único espazo capaz de albergar ós compoñentes de ambas corais (en torno a 50 membros cada unha), así como de acoller a público suficiente que disfrute dun evento desta categoría (ten aforo de grada para mais de 400 persoas). Ademais as condicións de acústica e sonoridade o fan un sitio idóneo para unha actuación deste tipo

- 25 de XULLO DE 2017 ÁS 20.30H., ESPECTÁCULO DE CIRCO PISTACTIVA. Organizado polo Concello da Guarda

Evento de entremento para tódolos públicos, contén un espectáculo de humor, malabarismo, acrobacias, e outros números circenses. A configuración do espazo no Auditorio de San Benito, cunha grada semicircular o converte no lugar mais apropiado para o desenrolo deste tipo de actos, xa que o público pode admirar o evento con igual calidade dende todas as perspectivas. Así mesmo os números de acrobacia non se atopan reducidos polo espazo dun “teito interior” que limite os movementos.



Concello A Guarda

- *07 de AGOSTO DE 2017 Á PARTIR DAS 19H. PREGÓN DAS FESTAS DO MONTE e posterior FESTIVAL FOLCLÓRICO. Organizado pola comisión organizadora das Festas do Monte, Asociación O Cancelón. Solicitado por MACAVI, S.A. Con RE-196 e data 28/08/2017*

Tradicionalmente as Festas do Monte inicianse sempre co pregón no Auditorio de San Benito, ó que lle segue un festival folclórico con actuación de tódolos grupos tradicionais locais.

- *08 de AGOSTO DE 2017 ÁS 20.00H. FESTA HOMENAXE Á TERCEIRA IDADE. Organizado pola comisión organizadora das Festas do Monte, Asociación O Cancelón. Solicitado por MACAVI, S.A. Con RE-196 e data 28/08/2017*

Ó igual que o pregón, é unha tradición inherente ás Festas do Monte a celebración dunha xornada festiva en homenaxe á Terceira Idade. Con ocasión desta celebración se recoñece á Raíña das Festas e ás súas Damas de honra, acompañado dunha actuación musical. “

A Xunta de Goberno Local, pola unanimidade dos seus membros presentes, acorda aprobar a proposta nos termos nos que quedou transcrita

PUNTO 5.- ASUNTOS VARIOS.

Non hai.

Non habendo máis asuntos que tratar o sr. Presidente da por rematada a sesión ás 09:10 horas da que eu, como secretaria, dou fe.